

# PROBAS DE ACCESO A UNIVERSIDADE PARA PERSOAS MAIORES DE 25 ANOS

## CONDICIÓNNS PARA A MATRÍCULA:

- Ter 25 anos ou cumplilos no 2025.
- Non ter titulación académica para acceder a universidade (e dicir, NON estar en posesión do bacharello, Ciclos Formativos de FP; ABAU ou equivalentes).

## PRAZO E LUGAR DE MATRÍCULA

**Prazo:** do 27 ao 30 de xaneiro do 2025 ambos incluídos.

### Lugar de matrícula:


LERD -Cidade de Vigo

Edificio Redeiras,

Praza da Ribeira do Berbés, 11

36202-Vigo

Correo: sie@uvigo.gal



## DOCUMENTACIÓN

### Precísase:

- DNI ou pasaporte.
- Xustificante de ter pagado as tasas de matrícula.
- Solicitud de matrícula.
- Toda a documentación en <https://ciug.gal/gal/probas-de-acceso-a-universidade/maiores-de-25-anos>)
- De ser o caso, xustificante de exención ou reducción de tasas.

## PREZO

Prezo público: 63,67€

Exención ou redución de tasas (familia numerosa xeral: 31,84€, **gratuita** nos casos de familia numerosa categoría especial, persoas con discapacidade, vitimas de violencia de xénero, ou beneficiarios da prestación do ingreso mínimo vital).



## EXAMES

**Fase xeral:** o venres 21 de febreiro, a partir das 8:30 horas.


**Fase específica:** o venres 14 de marzo, a partir das 8:30 horas.

**Lugar:** Facultade de Dereito da Universidade de Santiago de Compostela, situada no Campus Vida en Santiago de Compostela.

## ESTRUCTURA DA PROBA . FASE XERAL

**Fase xeral:** comprenderá catro exercicios :

- a) Comentario dun texto ou desenvolvemento dun tema xeral de actualidade.
- b) Lingua castelá.
- c) Lingua galega.
- d) Lingua estranxeira (elixirse entre alemán, francés, inglés, italiano ou portugués).



# PROBAS DE ACCESO A UNIVERSIDADE PARA PERSOAS MAIORES DE 25 ANOS

## ESTRUCTURA DA PROBA . FASE ESPECÍFICA.

Débese escoller unha opción en función da titulación universitaria que se desea cursar.

A **fase específica** constará de **dúas materias obligatorias** para cada opción, as cales se sinalan a continuación:

Opción A. Artes e humanidades: Historia da arte e Xeografía.

Opción B. Ciencias: Matemáticas e Química.

Opción C. Ciencias da saúde: Bioloxía e Química.

Opción D. Ciencias sociais e xurídicas: Historia do mundo contemporáneo e Matemáticas aplicadas ás ciencias sociais.

Opción E. Enxeñaría e arquitectura: Física e Matemáticas.



E **unha materia optativa** que o alumnado debe escoller no momento de matricularse, entre as seguintes materias ofertadas para cada opción:

Opción A. Debuxo artístico, Latín, Literatura universal e Volume.

Opción B. Bioloxía, Ciencias da Terra e ambientais e Física.

Opción C. Ciencias da Terra e ambientais, Física e Matemáticas.

Opción D. Economía da empresa, Literatura universal e Xeografía.

Opción E. Ciencias da Terra e ambientais, Debuxo técnico e Química.




## SISTEMA DE CUALIFICACIÓN

A cualificación da **fase xeral** será a media aritmética das cualificacións dos catro exercicios, expresada en forma numérica de 0 a 10 puntos, con tres cifras decimais.

A cualificación da **fase específica** será a media aritmética das cualificacións dos tres exercicios, expresada en forma numérica de 0 a 10 puntos, con tres cifras decimais,

A **cualificación final** da proba será a media aritmética das cualificacións obtidas na fase xeral e na fase específica.


O candidato ou candidata superará a proba cando acade unha puntuación en cada unha das dúas fases igual ou superior a catro puntos e obteña un mínimo de cinco puntos na cualificación media final.



## CUALIFICACIÓN PROVISIONAL

As cualificacións provisionais da **fase xeral** publicaranse a través da aplicación informática Nerta o día **27 de febreiro** (a partir das 15.00 horas).

As cualificacións finais provisionais (**fase xeral e fase específica**) publicaranse a través da aplicación informática Nerta o día **20 de marzo** (a partir das 15.00 horas).



## CUALIFICACIONES DEFINITIVAS

Publicaranse o día 27 de marzo (a partir das 20:00 horas) a través da aplicación informática Nerta.

## RECLAMACIONES

O prazo de presentación de reclamacións ás cualificacións será do 28 de febreiro ata as 14.00 horas do día 5 de marzo para a fase xeral e do 21 de marzo ata as 14.00 horas do 25 de marzo para a fase específica.

As solicitudes de reclamación presentaranse a través da aplicación informática Nerta.

## MÁS INFORMACIÓN

### EXAMES DE ANOS ANTERIORES.

<https://ciug.gal/gal/probas-de-acceso-a-universidade/maiores-de-25-anos>.

### CONVOCATORIA COMPLETA ANO 2025.

[https://ciug.gal/PDF/M25\\_2025/convocatoria\\_m25\\_2025\\_signed.pdf](https://ciug.gal/PDF/M25_2025/convocatoria_m25_2025_signed.pdf)

